

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 27 DE AGOSTO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de Agosto de dous mil sete; a unha do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebrar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Anxo Collarte Pérez , Don José Ignacio Gómez Pérez., e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.-

Está presente a Secretaria-Interventora Dona Carmen Gómez Otero.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de Agosto do dous mil sete (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

CONDICIÓNNS URBANÍSTICAS.-

Expte: 03/08/2007/3795-CU/253: Vista a solicitude de **Dona Conchita Ballester Navarro**, con domicilio social en Ourense, rúa Doctor Fleming, 28, entrechán, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito en O Carballo, Sampaio, (Ref. Catastral Polígono 14, Parcela 565 a) y b), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 23.08.07, que literalmente di:

“O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia corresponde ás NNSSM publicadas no BOP nº 66 de 23 de marzo de 1987, e no carácter de aplicación que lle corresponde, as NCSPP publicadas no DOGA de 19 de xuño de 1991, Ribadavia está sito no espazo natural Riberas do Miño, espazo nº15, área 2.

Este ordenamento supeditase á “Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia”. DOGA nº.252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004, de 29 de decembro, así como a C.I. 2/2003, de

31 de Xullo, sobre o réxime de autorizacións en solo rústico, DOGA nº 150 de 5 de Agosto de 2003; Lei 6/2007 de 11 de Maio, de Medidas Urxentes en materia de Ordeación do Territorio e do Litoral de Galicia, así como disposicións concurrentes”.

1.2. Á Parcela 565 a) e b), do Polígono 14, do Catastro de Rústica, aplícaselle o réxime correspondente ó Solo Rústico, segundo establece o artigo 31 e concurrentes da LOUGA.

Así como o artigo 32, “categorías”, segundo establece no seu punto 2, correspondendo a Solo Rústico especialmente protexido, c) Solo Rústico de Protección de Infraestructuras.

1.3. Segundo a Cartografía Oficial das NNSSM, plano “ CLASES DE SOLO ORGANIZACIÓN ESPACIAL, a escala 1: 10000, a ubicación corresponde a solo clasificado como SNU/EP, e concretamente a parcela de referencia é colindante coa vía férrea Monforte- Vigo, N-120 e Autovía A-52.

Catastralmente identifícase segundo Libro de Polígonos, páxina 310, Parcela 365 a) e b) do Polígono 14, figurando como titular D. Manuel Regueiro Blanco.

1.4. Sobre a parcela existe unha nave industrial da que non se dispón de datos sobre a súa construción, e demais pormenores; pero a súa antigüedad, é superior a 10 anos, habéndose adicado a nave en toda a súa extensión, á **fabricación de cadaleitos**, como foi público e notorio, e de un tempo a esta parte, a nave atopábase sen actividade aparente.

1.5 Características da nave industrial.-

Segundo se desprende da observación polo exterior da visita xirada, fotografía aérea, e datos catastrais, pódese deducir:

Ten unha superficie aproximada de 1500 m².

A nave está formada por tres crujías en estrutura metálica.

A fachada principal dispón de seis portalóns de acceso, dous por crujía.

Corresponde a unha única nave industrial.

Non se ten constancia da existencia dos servizos de auga potable e alcantarillado, si se dispón de electricidade ó existir no seu fronte un transformador aéreo e alumado público frontal.

A súa fachada frontal dá á vía de servizo da N-120, que discurre baixo a A-52 (Quinza Rotonda).

2. Réxime Urbanístico aplicable:

2.1. A nave industrial encóntrase fora de ordeación, segundo sinala o artigo 103.2.

E ó non ocuparse coa nova actividade a totalidade da nave, con independencia do réxime urbanístico aplicable pola actividade, o que se plantea tamén é unha segregación encuberta, acto que se regula na Sección IV, Art. 206 da LOUGA, “ División e segregación de finca en solo rústico”, en concurrencia co Art. 17 da Lei 8/2007, de 28 de Maio, L.S. 07. Acción non permitida polo planeamento en Solo Rústico.

2.2. Tamén se comproba, e dende o exterior ,que estase a exercer, actividade de venda e exposición de textil, en crujía dereita da nave.

2.3. Acción cuxa corrección ou autorización para obras ou actividades, corresponde ó Conselleiro, segundo establece o artigo 214 da LOUGA. Solicitud de autorización que, salvo mellor e máis fundado criterio non poderá prosperar por presentar un cambio de uso e unha segregación. Aínda que o Conselleiro poderá resolver con criterios que non poden ser evaluados nun informe técnico municipal.

3. Cos datos que se obtenían do Arquivo Municipal, e con independencia do Réxime Urbanístico correspondente ó Solo Rústico, analizarase o suposto que proceda; se a superficie edificada e uso provén de acción lícita, actuarase segundo sinala a D.T. 4º.3., en concurrencia coa D.T. 5º “Edificacións ilegais en solo rústico”, habendo transcorrido o prazo mínimo de tres anos que a Lei establecía para obter a “Autorización para legalizar”.

3.1. Pero con independencia de estas situacións, “En ningún caso autorizarase o cambio de uso ou actividade preexistente”, que esta foi “**Fabricación de cadaleitos**”. (DT5º PUNTO 4º).

4. Adxúntase co presente informe:

4.1. Reportase fotográfica.

4.2. Plano Catastral de Rústica, Polígono 14.

4.3. Fotocopia da páxina 310 do Catastro de Rústica.

4.4. Plano NNSSM Clases de solo a escala 1:10000.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

Visto o escrito presentado por **Dona Mª Dolores Puga Martínez**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso, nº8, 32400, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito presentado por **Don Carlos Loeda Sousa**, con domicilio na Plaza Mayor, 5, 2º, 32400, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza

fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

REQUERIMENTO DE CUMPLIMENTO DE SENTENCIA.-

Visto o escrito de **Don David Vales González**, no que suplica que o Concello de Ribadavia proceda ó cumprimento do establecido nas sentencias que acompañan ó escrito, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, unha vez desestimado o recurso de apelación interposto polo Concello de Ribadavia acorda dar cumprimento ó establecido nas devanditas sentencias.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- Da Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Dirección Xeral de Acción Social, resolución de 10 de agosto do 2007, pola que se concede a subvención destinada á prestación de servizos sociais, por un importe de 13.598, 15 euros, solicitada polo Concello de Ribadavia, ó abeiro da Orde do 8 de marzo do 2006.
- Do Ministerio de Vivenda, comunicado de pago de subvención, de 20 de agosto do 2007, por importe de 8000 euros, para a Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia. Programa 2006, firmado o 23 de Abril de 2007, acollida ó Real Decreto 801/2005, de 1 de Xullo, Plan Estatal 2005-2008.
- Da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, resolución do 22 de agosto do 2007, pola que se concede a subvención para a creación de novos servizos municipais de normalización lingüística, por importe de 5000 euros, solicitada ó abeiro da Orde do 24 de Maio de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a normalización da lingua galega.
- Da Consellería de Cultura e Deporte, Delegación Provincial de Ourense, resolución do 13 de agosto de 2007, pola que se concede unha subvención de dinamización cultural ó Concello re Ribadavia de 5566 euros, solicitada ó abeiro da Orde de 26 de febreiro do 2007.
- Da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostenible, Comunicación do 8 de agosto do 2007, de entrega ó Concello de Ribadavia (acta de recepción), da obra finalizada de construción de dúas instalacións de contedores soterrados na Praza Rubén García e na rúa Baixada Á Barca, ós efectos que o Concello asuma a explotación, mantemento e conservación da obra da que se lle fai entrega, de conformidade cos compromisos

adquiridos na Xunta de Goberno Local o día 29 de Maio de 2006 e asinados pola Alcaldía o día 30 do mesmo mes ó abeiro do establecido no artigo 7º, letra d) do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, sobre colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente coas Entidades Locais en materia de Xestión de Residuos.

- Da Sociedad Xeral de Autores, solicitude de remuneración dos dereitos de autor pendentes, e de remisión do presuposto de gastos das Festas do Portal, ós efectos de remiti-la factura ó Concello.
- Do Xuzgado Contencioso- Administrativo Nº2 de Ourense. Notificación de Providencia correspondiente al recurso, procedimiento ordinario, nº 289/ 07- A, pola que se une ós autos o expediente administrativo correspondente ó recurso contencioso de referencia.
- Do Xudgado do Social nº 2 de Ourense, cédula de citación para comparecencia o vindeiro día 20 de setembro, ás 11, 15 dese xudgado, sito ni Palacio de Xustiza, 4ª pranta, para celebrar acto de xuízo, en virtude da demanda 556/2007, interposta por Antonio Rodríguez Lorenzo, na que alega despido improcedente.
- Do Xudgado de 1ª Instancia, nº1 de Ribadavia, cédula de citación para comparecencia, para prestar declaración sobre os feitos controvertidos obxecto do xuízo, promovido pola demandante Dona Celia Padrón Cuññas. Deberán comparecer na Praza Mayor, o Alcalde- Presidente e o Secretario do Concello, o vindeiro día 5 de setembro do 2007.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CERTIFICACION DE OBRA.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación á Certificación núm. 1, e única, da obra denominada “ Centralización, Xestión e Reducción do Gasto Enerxético do Concello de Ribadavia”, por importe de 112.238, 33 euros.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-las memorias denominadas “Grupo de apoio ao acondicionamento e rehabilitación do contorno rural. PIEG- Mulleres e maiores de 45 anos”, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 31 de xaneiro de 2007, da Consellería de Traballo, pola que se establecen as bases que regulan para o ano 2007, as axudas e subvencións para o fomento de emprego a traves dos Programas de Cooperación, no ámbito de

Colaboración coas Entidades Locais e cos Órganos e Organismos das Administracións Públicas distintas da Local, Universidades e Entidades sen ánimo de lucro.

AXUDAS ECONÓMICAS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder unha axuda económica á Asociación de Mulleres Rurais, “Nosa Sra do Portal” de Ribadavia, por importe de 600 euros, para a confección da alfombra floral das festas patronais.

PARTICIPACIÓN NOS TRIBUTOS DO ESTADO.-

- Remisión pola “Unidade de Coordinación coas Facendas Territoriais”, Ministerio de Economía e Facenda, da copia da nómina da entrega a conta da Participación nos Tributos do Estado, correspondente ó mes de Xullo de 2007, por importe de 71.302,77 euros, cantidade minorada en 6000 euros, pola compensación das débedas das Mancomunidades, resultando un total de 65. 302, 77 euros, e remisión da Liquidación Anual Definitiva de 2005, que ascende a 24.353, 32 euros.(Art. 115 da Lei 39/1998, do 28 de decembro).
- Remisión pola “Unidade de Coordinación coas Facendas Territoriais”, Ministerio de Economía e Facenda, da copia da nómina da entrega a conta da Participación nos Tributos do Estado, por importe de 71.302,77 euros, correspondente ó mes de Agosto de 2007.
- Comunicado da Axencia Tributaria, polo que se solicita á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locales, que non debe efectuar retencións das cantidades cuxo pago ó Concello se ordene con cargo á súa Participación nos Tributos do Estado, por importe de 100 euros, xa que o Concello de Ribadavia, procedeu a cancelar por ingreso a liquidación obxecto do acordo de deducción, por importe de 100 euros e a realiza-la correspondente comunicación á Axencia Tributaria por escrito o 27 de Xullo de 2007.

AQUALIA.-

Recepción dos resultados analíticos das mostras de auga para o consumo público do Concello de Ribadavia correspondentes ós meses de Maio e Xuño, e dos análisis da Edar de Francelos, correspondente ó mesmo período.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

Vº e Pr.,
O ALCALDE,

O SECRETARIO,